

Refráns e ditos populares do Nadal

A castaña no nadal, sabe ben e parte mal.

A un tempo non pode ser o gastar e mailo ter, nin que luza o sol na eira sen que chova no Nadal.

Aceitona, unha por San Xoán e un cento por Nadal.

Aí vén o mes de Nadal, que non deixe o millo sen apañar.

Allo, por que non foches bo? Porque Nadal posto non me atopou.

As chuvias de Nadal, non fan mal

As festas do ano por onde quixeres, as Navidades, coas túas mulleres.

Ata as Navidás nin fame nin frío; das Navidás pra diante fame e frío bastante.

Bo ano, Nadal soleado

Cada cousa no seu tempo, e os nabos no Advento.

Cando Nadal nada, sinal de boa anada.

Cando Nadal nada, sinal de boa anada; e senón nada, non hai anada.

Castañas en Nadal, saben ben e pártense mal.

Castañas en Nadal, saben ben e prestan mal.

De San Xoán prás Navidás, os días van pra atrás.

De San Xoán, Santiago e agosto, mulleres, non son voso; dende Nadal a marzo, estarei ó voso lado.

De Santos a Nadal é o inverno natural.

De Santos a Navidá hai inverno de verdá.

De Santos ás Navidás hai sequía de verdá.

Decembro mollado, xaneiro xeados

Desde Santos a Natal é inverno carol.

Despois de Nadal os días medran, dun para outro, o pé dunha pita.

Deus nacido, días crecidos.

Díxose o neno a San Xoán, de ti a min minguarán, de min a ti medrarán.

En Nadal, inverno a carol.

En Nadal sementa o teu allal.
En Nadal todas as cousas andan mal.
En Nadal, cada ovella ó seu curral.
En Nadal, inverno a carcoal
Entre Nadal e xaneiro inverno verdadeiro.
Entre Santos e Nadal, inverno carcoal.
Entre Santos e Natal, arrieiriño non vaias ó sal, que perderás o caudal.
Entre Santos e Nadal, perde a vella o seu caudal.
Fías de Nadal, nin tecedeiras fan.
Friaxe no Nadal, non fai mal.
Frío por Nadal, calor desde San Xoán.
Mentres Deus non é nacido nada é crecido.
Nadal chuvioso, xaneiro ventoso.
Nadal e xaneiro fan o inverno enteiro.
Nadal escuro, sementa no duro.
Nadal mollado e xaneiro ben xeadado.
Nadal mollado, xaneiro xeadado.
Nadal novo, fonda ben o arado
Nadal sen porco non veñan moitos.
Nas oitavas de Nadal o que aforra ben se val.
Nadal en venres, sementa onde puideres, Nadal en domingo, vende os bois e bótao en trigo.
No mes de Nadal a carón da lareira vaite sentar.
No mes de Nadal gárdate a carón do lar.
No Nadal hai veces que se come ó pardal.
No Nadal inverno a fartar.
No Nadal, alegrote, alegrote, que hai viño na cuba e chourizos no pote.
Non gabes nin desgabes hastra que pasen sete navidades.
O bo nabal comeza por Santiago e acaba con Nadal.
O coello polo San Xoán e a perdiz polo nadal.

O que queira bo allar que o bote no natal.

O que queira ter bo allal plánteo no nadal.

Os allos en Nadal, nin nados nin por sementar.

Os días medran o batacú do piollo cada día dende o Nadal.

Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.

Polas vendimas vende as túas galiñas, polo Nadal vólveas mercar.

Polo Nadal cada ovella ao seu curral.

Polo Nadal o que non mata porco, non dá morcilla nin entrecosto.

Polo nadal, bota bico de pardal.

Polo Nadal, frío cordial.

Polo Nadal, volta o casal.

Polo San Andrés agarra o porco polos pés, e se non o queres matar, déixao para Nadal.

Por Santos e Nadal, o inverno carcoal.

Santos e Natal, inverno carnal.

Se a noite de Nadal for de luar, labra ben pra sementar; se a noite de Nadal fose de escuro,
sementa no terrón duro.

Se a noite de Nadal hai luar, lembra ben para sementar.

Se Nadal nada, sinal de boa allada se a colle sementada.

Se Nadal nada, sinal de boa anada.

Se a noite de Nadal hai luar, lembra ben para sementar.

Se polo nadal neva, todo se aleda.

Tantos días de sol en nadal como de auga en San Xoán.

Tantos días de xeada en Nadal, como días de sol en San Xoán.

Un mes antes, e outro dispois de Nadal, é inverno de verdá.

Outros refáns e ditos populares para os meses de decembro e xaneiro

A Concepción sempre trai a sua arribazón.

Chovendo o día de Santa Bibiana, chove un mes ou sete semanas.

De San Tomé a San Matías poden as noites cós días.

De Santo Tomé a San Matías máis poden as trebas cós días.

De Santo Tomé a San Matías son máis longas as noites cós días.

Desde Santa Lucía crece o día como a pisada dunha pita.

Día de San Nicolás está a neve de pao en pao, e se non no chao.

Día de Santa Lucía, enchente de auga ou de sardiña.

Día de Santo Tomé ó porco polo pé.

Día de Santo Tomé, colle o porco polo pé.

En decembro descansar e en xaneiro traballar

En decembro moita auga, en agosto lumes

En decembro, descansar e en xaneiro, traballar.

Nin en agosto camiñar, nin en decembro navegar.

No Santo Tomé, agarra o porco polo pé.

O día de San Nicolau anda o sol de pau en pau.

O día de Santa Lucía medra o día a pasadiña dunha galiña.

O día de Santa Lucía mingua a noite e medra o día.

Os allos polo San Silvestre, nin nados nin na reste.

Pola Concepción ningunha galiña pon.

Pola Santa Lucía deita túa galiña

Pola Santa Lucía mingua a noite e medra o día.

Pola Santa Lucía xa o caldo alumía.

Pola Santa Lucía, mascatos na badía.

Pola Santa Lucía, neve na pía, polo San Nicolau neve no pau.

Pola Santa Lucía, o allo quere ver o día.

Pola Santa Lucía, some a noite e medra o día.

Polo San Nicolau neva en cada pau, e se non é ese día é o terceiro que é día da Virxe María.

Polo San Tomé dálle ó porco polo pé.

Pon, poliña, pon, pola Conceición.

Por San Uxío e Santa Baia anda o tempo á trocalla.

Por Santa Eulalia, trompos á borralla.

Por Santa Lucía a pata dunha galiña.

Por Santa Lucía ao salto dunha pulga medra o día.

Por Santa Lucía mascatos pola badía.

Por Santa Lucía medra o día unha pisada dunha galiña.

Por Santa Lucía non cae a noite como o día.

Por Santa Lucía saca da noite e mete no día.

Por Santa Lucía, mingua a noite e medra o día.

Por Santa Lucía, o allo quer ve-lo día.

Por Santa Lucía, tan longa é a noite coma o día.

Quen non colle moza en fin de ano, non a colle en todo un ano.

Quen non colle moza en San Silvestre, non a colle en todo o semestre.

San Silvestre, meigas fóra!

Santa Lucía anda co porco á porfía.

Santa Lucía o máis pequeno dos días.

Santa Lucía quítalle á noite e ponlle ó día.

Santa Lucía saca da noite e mete no día.

Santa Lucía, auga ou sardiña.

Santo Tomé, agarra o cocho polo pé.

Se chove o día de Santa Bibiana, chove cuarenta días e unha semana.

Se para Santa Lucía non hai neve na pía, haina para o outro día.

Se treboa por Santo Tomás, inda o inverno está por marchar.

Sementeira na semana de San Román nin palla nin gran; sementeira na de Santa Baia, gran e mais palla.

En decembro moita auga, en agosto lumes.